

### Ovidio, *Metamorfosis*, X, 1-85

#### Análise do texto

1) Divide a historia en presentación, nó e desenlace resumindo o que sucede en cada parte.

2) ¿De que morre Eurídice?

3) ¿Quen son os reis do mundo dos mortos?

4) Orfeo di que o Amor é a causa de que baixara ós infernos, pero ¿que argumentos emprega para convencer os reis infernais? Lembra o mito de Deméter e Perséfone ¿Que fará se non lle conceden o que pide?

5) A música de Orfeo provoca que se deteñan os castigos do mundo dos infernos. Completa o seguinte cadro axudado das notas a pé de páxina.

<b>Persoa que sofre o castigo</b>	<b>Causa do castigo</b>	<b>Tipo de castigo</b>	<b>¿Qué sucede mentres canta Orfeo?</b>
Tántalo			
Ixión			
Titio			
As Bélides ou Danaides			
Sísifo			

**Os suplicios dos infernos tamén servían para ofrecer ensinanzas morais como mostra a seguinte fábula de Fedro.**

Ixión, de quen se conta que dá voltas a unha roda, ensina que a Fortuna cambia dunha forma inconstante. Sísifo empurra con moito traballo ata o alto dun monte unha rocha que volve rodar desde o cume facendo sempre que a súa suor sexa inútil. Isto móstranos que as desgrazas dos homes non teñen fin. A lenda de que Tántalo morre de sede a pesar de estar no medio dun río, describe os avaros, a quen rodean riquezas de sobras, pero non poden tocar ningunha. As Danaides levan nos seus cántaros augas malditas, e non poden encher os tonéis furados? En efecto o que ti entregues ó vicio derrámase.

## Guía de lectura de Orfeo e Eurídice

---

Fedro, *Fábulas*, Appendix 5.

Engade ó cadro de máis arriba un novo apartado coa ensinanza moral que se extrae de cada castigo que apareza na fábula ves de ler.

6) ¿Que outros personaxes do mundo dos mortos se emocionan co canto de Orfeo?

7) ¿Que condición lle imponen para entregarlle a Eurídice?

8) ¿Que impacta máis do trágico final?

9) Identifica personaxes e situacións na ilustración da seguinte páxina.

### Despois dos clásicos

O mito de Orfeo foi moi utilizado na literatura e nas artes. Ás veces os mitos son tratados de modo burlesco como sucede neste poema de Quevedo que conta a historia de Orfeo e Eurídice en un tono moi distinto da que liches.

*Orfeo por su mujer,  
cuentan que bajó al infierno;  
y por su mujer no pudo  
bajar a otra parte Orfeo.*

*Dicen que bajó cantando,  
y por sin duda lo tengo,  
pues en tanto iba viudo,  
cantaría de contento.*

*Montañas, riscos y piedras  
su armonía iban siguiendo,  
y si cantara muy mal,  
le sucediera lo mesmo.*

*Al fin pudo con la voz  
persuadir los sordos reinos;*

*Aunque el darle a su mujer  
fue más castigo que premio*

*Diéronselas lastimados,  
pero con ley se la dieron:  
que la lleve, y no la mire,  
ambos muy duros preceptos.*

*Volvió la cabeza el triste;  
si fue adrede, bien hecho;  
si acaso, pues la perdió,  
acertó esta vez por yerro.*

*Dichoso es cualquier casado  
que una vez queda soltero;  
más de una mujer dos veces,  
es ya de la dicha extremo.*

Quevedo

Para Quevedo a historia de Orfeo no canto de ser trágica é ditosa e pode aplicarse a calquera casado que perda unha muller. Os versos son claramente misóginos e interpretan que a muller é un mal para o casado. Para iso dásele a volta á historia paso a paso.

a) Baixada aos infernos

¿Como é considerada a muller de Orfeo nos primeiros versos?

b) Baixa cantando e a natureza ségueo

¿Por que Orfeo baixa cantando segundo Quevedo?

¿Como se ridiculiza o poder do canto de Orfeo sobre as criaturas?

c) Persuasión e entrega

¿Como puido persuadir Orfeo co seu canto os seres dos infernos se se cualifican como xordos?

¿Como se considera a entrega de Eurídice a Orfeo?

## Guía de lectura de Orfeo e Eurídice

---

¿Por que as condicións de levarlla e non mirala son duras segundo Quevedo? Ten en conta que se refiren tamén a toda muller.

d) Orfeo volve a mirada

O momento trágico de perder á súa muller que estaba no mito orixinal convértese en momento alegre. ¿Como se consegue que as dúas posibilidades de Orfeo, adrede ou accidental, leven ambas un beneficio?

e) Ensinanza final

¿Por que, segundo Quevedo, Orfeo é máis ditoso que calquera viúvo?

### Textos e imaxes

Descubre no seguinte grabado os personaxes da historia de Orfeo e Eurídice.

